

Facultade de
Dirección e Xestión Pública

Universidade de Vigo

REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO DA FACULTADE DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA

(Aprobado pola Xunta de Facultade o 31/01/2024)

PREÁMBULO

O Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se estableceu a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais dispón no capítulo III das Directrices para o deseño de títulos de Graduado, concretamente no artigo 12.3, que os ensinos do grao conclúan “coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao” (en diante TFG) orientado á avaliación de competencias asociadas ó título. Pola súa banda, as Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao (aprobadas no Consello de Goberno de 5 de marzo de 2008) recollían no punto 3, referente á “Estrutura Xeral dos Plans de Estudo de Grao”, que o TFG sería obrigatorio e ofertado no oitavo semestre cun valor académico que oscilaría entre os 6 e os 30 ECTS.

Ademais do anterior, o Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao (aprobado no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2022) recolle no seu artigo 2.5 que será responsabilidade de cada centro desenvolver “unha normativa interna aprobada pola Xunta de Centro para adecualo ás características propias de cada un dos títulos oficiais”. A Memoria do Título: “Grao en Dirección e Xestión Pública” (modalidade presencial e virtual) (da Facultade de Dirección e Xestión Pública), avaliado positivamente pola ANECA, inclúe a elaboración e exposición do devandito TFG por parte do alumnado do derradeiro curso do plano de estudos, polo que se fixo necesario que o Centro aprobara a normativa de regulamento de TFG para a súa xestión.

En cumprimento de todo o anterior, elaborouse o presente Regulamento.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente regulamento ten por obxecto regular a definición, titoría académica, procedemento de elaboración, defensa, avaliación, revisión e tramitación administrativa do TFG do Grao en Dirección e Xestión Pública (GDXP) da Facultade de Dirección e Xestión Pública (FDXP) e complementábase co resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo (UVIGO).

Artigo 2. Definición do Traballo de Fin de Grao

1. O TFG forma parte do plano de estudos do GDXP, sendo unha materia obligatoria de 6 Créditos ECTS.
2. O TFG é un traballo persoal que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle amosar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo plaxiado en todo ou en parte, nin presentado con anterioridade nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos na actividade doutras materias da titulación. Ademais, o TFG debe ser unha creación intensamente orixinal do alumnado, non unha simple mestura de aportacións científicas citadas.
3. O feito de que o Traballo de Fin de Grao sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varias persoas, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global. Este feito será autorizado pola Coordinación de TFGs do GDXP. Neste caso, o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a titorización e terá o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e a avaliación serán individuais.
4. O TFG poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa co-titora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa co-titora as tarefas de dirección e orientación do alumnado, e será, en calquera caso, responsabilidade da titoría académica facilitar a xestión diante da FDXP.

5. O alumnado ten dereito ao recoñecemento da autoría do TFG elaborado e á protección da propiedade intelectual do mesmo. A titularidade dos citados dereitos derivados poden compartirse coas persoas que o titoricen e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na normativa vixente.

6. A efectos de organización e interpretación da normativa, ou desenvolvemento dos procedementos de tramitación -que non sexan propios dos servizos administrativos, do Tribunal de defensa ou da Xunta de Facultade (FDXP)-, ésta os delegará ao longo de todo o curso académico na persoa que ostente a Coordinación do TFG.

7. O TFG terá a súa guía docente adaptada á normativa vixente correspondente, na que estarán recollidas as principais especificidades do TFG do GDXP.

8. A redacción dos Traballos de Fin de Grao da Universidade de Vigo debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.

Artigo 3. Coordinación do TFG

1. A persoa responsable da coordinación do TFG será docente do GDXP e formará parte da Xunta de Facultade (FDXP). Terá todas as funcións indicadas expresamente nos diferentes artigos do presente Regulamento, así como aquelas funcións que a Xunta de Facultade acorde delegar nesta figura.

2. A Xunta de Facultade (FDXP) será o órgano que resolva as incidencias e reclamacións relacionadas coa interpretación e aplicación deste Regulamento.

CAPITULO 2 - DA ORGANIZACION DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Artigo 4 - Da matrícula do Traballo de Fin de Grao

1. Para poder matricularse no Traballo de Fin de Grao será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.

2. A matrícula do Traballo de Fin de Grao realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao.

3. A matrícula do TFG da dereito ás oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico que establezca a UVIGO, sempre que se produzan as condicións para a súa defensa. A validez da matrícula do TFG será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico. O alumnado que antes desa data non fose avaliado ou non defendese o seu traballo, deberá volver a matricularse no seguinte curso académico.

4. No caso de que o alumnado teña depositado o TFG no centro, e conte co informe favorable da persoa que o titorizou antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo, pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico. No curso inmediatamente seguinte ao do depósito (e só nese curso), e se así o dispón a normativa que se atope vixente na UVIGO, o alumnado terá dereito a unha matrícula reducida sobre o coste da primeira matrícula.

Artigo 5 - Da titorización do Traballo de Fin de Grao

1. Os TFG realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa docente do GDXP, que exercerá as tarefas de titorización do mesmo.

2. A titorización consistirá en supervisar e orientar ao alumnado na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao TFG, así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a súa presentación e defensa.

3. Todo o profesorado da FDXP poderá participar nesta titorización académica.

4. A Coordinación do TFG poderá autorizar a elaboración de TFG en réxime de co-titoría a profesorado da Universidade de Vigo. Neste suposto, unha das persoas que leven a cabo a titorización, deberá ser docente da FDXP.

5. Se a elaboración do TFG requirise a implicación de organismos ou entidades públicas ou privadas, ademais de que conste expresamente o seu interese na colaboración, proporáse a unha persoa como colaboradora aos efectos de prestar a axuda necesaria no TFG.

6. Poderanse establecer equipos titoriais formados por varias persoas que exerzan como docentes para a titorización, se a natureza do TFG o requirise.

7. Cando se produzan casos de baixa prolongada ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, a Coordinación do TFG, será a persoa responsable da substitución da titorización.

Artigo 6 - Proceso de asignación de propostas temáticas e titores

1. A instancia da coordinación do TFG e nos prazos establecidos por este/a, o profesorado da FDXP remitirá as liñas temáticas para a realización de proxectos vinculados coa súa área de docencia e o número máximo de traballos que desexan tutorizar, que deberán recollerse na súa Secretaría Virtual.
2. A Coordinación do TFG comprobará que o listado conteña un número de propostas de titorización igual ou superior ao número de alumnado matriculado no TFG. No caso de que non sexa suficiente, a Coordinación do TFG poderá incrementar o número máximo de alumnado a titorizar por cada docente do GDXP dun xeito equitativo, comezando por aqueles docentes cun número inferior de alumnado dispostos a titorizar. Lémbrese que a titorización de TFG forma parte das tarefas docentes e, segundo as “Aclaracións sobre as tarefas de titorización, avaliación e cualificación do Traballo de Fin de Grao e do Traballo de Fin de Máster”, ten un carácter obrigatorio.
3. Os docentes terán un prazo que establecerá a Coordinación do TFG para indicar a través da Secretaría Online os nomes dos/as estudantes que aceptan titorizar.
4. O alumnado que remate o primeiro proceso de selección sen titorización, serán asignados a outros docentes aínda dispoñibles, a proposta da Coordinación do TFG.
5. Para finalizar o proceso, a Coordinación do TFG publicará as listas de asignación de liñas temáticas e docentes definitivas. Tamén elaborará un listado coa asignación definitiva de propostas temáticas e titorización académica conforme ós anteriores criterios, garantindo a asignación de titorización a todo o alumnado matriculado no TFG GDXP.
6. A titorización asignada manterase durante un curso académico e unha convocatoria adiantada do curso seguinte de xeito automático. A partir dese momento se o alumnado non presentou ou non superou o TFG, deberá solicitar novamente a asignación de titorización. Asimismo, o alumando poderá solicitar á Coordinación do TFG un cambio de titorización ou de proposta temática, xustificando a súa solicitude e aportando o acordo da nova titorización. En todos estes casos sinalados, deberanse respetar os dereitos que se poidan ver comprometidos coa anterior titorización, por exemplo os relativos á propiedade intelectual.

Artigo 7 - Tribunal Avaliador do Traballo de Fin de Grao

1. A defensa poderase realizar perante un tribunal colexiado ou ante un tribunal unipersoal. Ámbalas dúas opcións son excluíntes entre si para cada estudante. O Tribunal Colexiado estará constituído por profesorado da titulación (GDXP), e o Tribunal Unipersoal polo profesorado titor do TFG.

2. A cualificación do Tribunal Colexiado será entre 0 e 10 puntos, e a do Tribunal Unipersoal entre 0 e 7 puntos. Ámbalas dúas serán recollidas nunha acta previamente a que o Tribunal xere a acta oficial. En tódolos demais aspectos, ámbolos dous tipos de avaliación (colexiada ou unipersoal), seguirán os mesmos requisitos, e poderán realizarse de xeito presencial ou virtual.

3. O Tribunal avaliador colexiado do TFG será establecida pola Facultade de Dirección e Xestión Pública. Esstará integrado por tres docentes da FDXP. Constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación ao acto de defensa. Seguirase o criterio de categoría docente e antigüidade para a determinación dos cargos de Presidencia, Secretaría e Vogalía. Os membros do Tribunal serán substituídos por suplentes durante a exposición e valoración dos traballos dos que teñan realizado a titorización.

4. No caso de que algunha persoa integrante dun tribunal non poida formar parte deste por unha baixa médica, por unha ausencia autorizada polo seu Departamento, permiso de asuntos propios ou permiso por vacacións, solicitarase ao departamento que proporcione un docente substituto. Naqueles departamentos nos que só haxa un docente que imparta docencia no GDXP, será a Coordinación de TFG quen nomee un docente substituto/a. Tamén o fará no caso de urxencia e imprevisto cuxa inmediatez á defensa non permita unha rápida substitución.

5. De maneira excepcional, a Xunta de Facultade do GDXP poderá autorizar que forme parte do tribunal de avaliación outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo, que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto, ou de persoas asesoras sen voto.

CAPÍTULO 3. DA PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN

Artigo 8.- Da presentación de defensa do Traballo de Fin de Grao

1. Todo o alumnado matriculado do TFG poderá solicitar a presentación e avaliación do TFG, dacordo cos prazos establecidos pola Coordinación do TFG e/ou a Xunta de Facultade, e unha vez recibido o informe favorable da persoa titora.
2. Excepcionalmente, a Coordinación do TFG e/ou a Xunta de Facultade poderán autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable da persoa que exercera a titorización, tras a petición formal e motivada polo estudante, para o cal deberanse respetar os dereitos que se poidan ver comprometidos coa anterior titorización, por exemplo os relativos á propiedade intelectual.
3. As indicacións relativas á solicitude de presentación e entrega do traballo especificaranse pola Coordinación do TFG, segundo a normativa establecida pola Universidade de Vigo.
4. A defensa do TFG realizada alumnado será pública en de xeito presencial ou virtual (a través de Campus Remoto da Universidade de Vigo).
5. En atención ás solicitudes presentadas, a Coordinación do TFG establecerá e publicará a orde para a celebración do acto de presentación do TFG, que incluírá a estrutura, data, hora e duración máxima de cada exposición. Fixarase unha data ou varias en cada convocatoria.
6. O alumnado exporá, nun tempo máximo establecido, un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadados. Esta exposición pode apoiarse cos medios que o alumnado considere oportunos -responsabilidade do alumnado e permitidos pola Universidade-, se ben o emprego destes medios non pode, en ningún caso, substituír a exposición oral, que debe abarcar polo menos un 80% do tempo de presentación.
7. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o alumnado superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao (GDXP), agás os correspondentes ao propio TFG. Os servizos administrativos deberán verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias, aínda non se recepcionasen todas as actas, a secretaría da Facultade solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que solicitase defensa para esa convocatoria.

Artigo 9- Da avaliación e cualificación do Traballo de Fin de Grao

1. O Tribunal avaliador deliberará sobre a cualificación tendo en conta a documentación presentada e a exposición pública dos traballos.
2. Os criterios de avaliación quedarán recollidos na guía docente do Traballo de Fin de Grao (GDXP). A cualificación global terá en conta a calidade científica, técnica ou artística do traballo presentado, a calidade do material entregado e o grao de adquisición de contidos e competencias específicos da titulación e de competencias transversais. No caso de que non se produza un acordo entre os distintos membros do tribunal avaliador, a cualificación final será a resultante da media aritmética das notas atribuídas por cada un dos seus integrantes. Neste punto, o tribunal rexerá polo disposto nas Normas de Xestión Académica para as Titulacións de Grao vixentes.
3. O Tribunal avaliador, en función da temática dos traballos presentados, poderá solicitar, coa antelación suficiente, informes sobre os traballos a outros docentes da titulación ou profesionais externos.
5. Ao remate do proceso de avaliación e cualificación da totalidade dos TFG dunha convocatoria, e no caso de que haxa máis dun Tribunal, todos os Tribunais participantes se porán de acordo para conceder as mencións de matrícula de honra que correspondan en función do número de matriculación, entre o alumnado que acade unha nota de sobresaínte (a partir de 9).
6. No caso de que o TFG non acade a cualificación mínima de aprobado (5), o tribunal de avaliación achegaralles, ao alumnado e á persoa titora, un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.
7. No prazo de tres días hábiles contados dende a publicación das cualificacións, o alumnado poderá solicitar a revisión da cualificación outorgada no TFG. Dita solicitude deberá indicar os aspectos concretos do TFG que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada.
8. No prazo de sete días hábiles dende a presentación da solicitude de revisión o tribunal resolverá o recurso fundamentando a resposta.
9. A entrega de actas dos Traballos de Fin de Grao estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas en cada convocatoria e/ou segundo se dispoña pola normativa da Universidade.

Artigo 10. Dos Traballos de Fin de Grao realizados noutras Universidades

1. O estudiantado pode solicitar a realización do TFG noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. A Coordinación do TFG, se aproba a solicitude, solicitará unha persoa titora na Universidade de destino, e designará á persoa responsable do intercambio na FDXP para exercer a titorización, aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.
2. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable da persoa que exercera a titorización na Universidade de destino, e o visto e prace da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo.
3. A Universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa, e o número de créditos do TFG.

Artigo 11. Normas supletorias

En todos aqueles aspectos non previstos neste Regulamento será de aplicación a normativa da Universidade de Vigo e demais normativa xeral vixente.

Disposición transitória

O alumnado matriculado no TFG GDXP no curso 2022/2023, poderá presentalo coa extensión aprobada neste regulamento ou na vixente no curso anterior.


Disposicións finais

Este regulamento entrará en vigor no momento da súa aprobación pola Xunta de Facultade (Facultade de Dirección e Xestión Pública).

**ANEXO I: SOLICITUDE ELABORACIÓN TFG
GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA (UVIGO)**

Facultade de
Dirección e Xestión Pública

Universidade de Vigo



D./DNA.:
D.N.I.:
CORREIO ELECTRÓNICO:
TELÉFONO:

EXPOÑO:

Que cumprindo as condicións xerais exixidas para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dirección e Xestión Pública

SOLICITO

Elaborar o Traballo Fin de Grao con base na proposta temática:

.....
.....

da cal é titor/a académico D/Dna:

.....

....., de..... de 202.

Sinatura do alumno/a:


Sinatura titorización académica con aceptación:

**ANEXO II: MODELO SOLICITUDE MODALIDADE DE
DEFENSA E AVALIACIÓN DO TFG**

**(GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA)
(PRESENCIAL/VIRTUAL) (TRIBUNAL COLEXIADO/UNIPERSONAL)**

Facultade de
Dirección e Xestión Pública

Universidade de Vigo



D./DNA:

D.N.I.:

CORREIO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO:

EXPOÑO:

Que cumprindo as condicións xerais exixidas para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dirección e Xestión Pública

SOLICITO

<p>Defender o Traballo Fin de Grao baixo:</p> <p><input type="checkbox"/> Modalidade virtual sincrónica (a través da Aula do Campus Remoto)</p> <p><input type="checkbox"/> Modalidade presencial</p>	<p>Que o meu Traballo Fin de Grao sexa avaliado por:</p> <p><input type="checkbox"/> Tribunal Colexiado</p> <p><input type="checkbox"/> Tribunal Unipersonal (titor/a)</p>
---	--


....., de..... de 202.

<p>Sinatura do alumno/a:</p>	<p>Sinatura da titorización académica con aceptación:</p>
------------------------------	---

ANEXO III: MODELO PORTADA

Facultade de
Dirección e Xestión Pública

Universidade de Vigo



**Grao en
Dirección e Xestión Pública**

Título do TFG

Nome e apelidos (alumnado)

Nome e apelidos (titorización)

**Traballo de Fin de Grao
Curso académico 202_- 202_**

ANEXO IV: ESTRUCTURA E NORMAS DE ESTILO

1. Estrutura xeral: O TFG deberá necesariamente recoller os seguintes elementos:

- Portada: a portada do TFG: deberá seguir o modelo do anexo I
- Índice de contido paxinado.
- Índice de táboas e gráficos (se fose o caso)
- Introducción Métodos
- Desenvolvemento/Resultados
- Discusión
- Conclusións.
- Bibliografía e/ou fontes de información.
- Anexos

2. Idioma: Como norma xeral, o TFG deberá estar escrito e ser defendido oralmente en galego, castelán, inglés ou portugués, agás que se admitise a trámite a adxudicación para facelo noutro idioma.

3. Extensión: Terá unha extensión máxima entre **6.000 e 8.000 palabras**. Neste cómputo non se inclúe portada, índices, táboas ou gráficos, bibliografía nin anexos.

4. Formato

1. De conformidade co establecido no Regulamento, o alumno/a subirá o TFG en formato PDF á secretaría da Universidade de Vigo (máximo 3MB).
2. Os aspectos formais do texto responderán, preferentemente, ós seguintes criterios. En caso de empregar outro modelo alternativo nos aspectos c) e d), este debe ser debidamente xustificado seguindo as normas recoñecidas polas organizacións de referencia no ámbito documental.
 - a) Contido e corpo do TFG: deberase organizar e presentar de maneira que permita unha idea ou visión completa, sistemática e clara da temática tratada. Poderanse empregar subdivisións (partes, capítulos, seccións, puntos, etc.) convenientemente tituladas ou marcadas, numérica ou alfabeticamente. O contido deberá adoptar as pautas establecidas neste anexo II do Regulamento.
 - b) Tipografía e interlineado: Arial ou Times New Roman, tamaño 12, espazo e medio.
 - c) Notas ao pé: estarán orientadas a ampliar información contida no corpo do texto e serán inseridas no mesmo texto debendo aparecer ao final de cada páxina, numeradas de maneira correlativa (1, 2, 3...) para o conxunto do capítulo ou do traballo, con interinado 1 e tamaño 9 respectando a tipografía anterior.

- d) Citas textuais: sempre que se transcriba literalmente un texto alleo deberá aparecer entre comillas. O alumno/a poderá optar por citar en nota a pé de páxina ou no texto (modelo APA) a condición de manter a uniformidade ao longo de todo o TFM. Exemplo de cita incluídas no texto:

1. García (2005, 23) suxire que "o establecemento dunha tarifa externa común pode resultar prexudicial..."
2. ..."o establecemento dunha tarifa externa común pode resultar prexudicial" (García 2005, 23)

É importante que en lugar das iniciais da autoría das obras na bibliografía final, apareza o nome completo, para unha maior visibilidade e perspectiva de xénero. Exemplo:

García Sánchez, Cecilia (2005). Por unha xestión ambiental máis sustenble, en: Rodríguez Pérez, Manolo (Coord.) *Medio Ambiente*, Tirant Lo Blanch. Valencia.

Esta cita é preferible a esta outra:

~~García Sánchez, C.(2005). Por unha xestión ambiental máis sustenble, en: Rodríguez Pérez, M. (Coord.) *Medio Ambiente*, Tirant Lo Blanch. Valencia.~~

5. Bibliografía

O número bibliográfico figurará ao final do TFG nun punto así denominado. Responderá a un modelo de citación como APA, Harvard ou Chicago. O TFG debe ser orixinal e está prohibido o plaxio. Deberase citar debidamente, e ter respecto á propiedade intelectual doutros/as autores/as. O Tribunal poderá empregar medios para verificalo, tales como un programa antiplaxio. No caso de cometer falta de orixinalidade e/ou praxio, o Tribunal poderá asignar a nota de 0 (suspenso), e terá o deber de comunicalo aos órganos competentes para que, se é o caso, adopten as medidas sancionadoras que consideren necesarias.

6. Anexos

Os anexos estarán destinados a recoller a documentación orixinal ou primaria empregada no TFG. Así mesmo, poderán incluír as táboas e gráficos se a orde da argumentación e exposición non fagan aconsellable a súa inclusión no corpo do traballo, consignando en todo caso, ó seu pé a fonte destes datos.

ANEXO V: CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TFG GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA

(1) Calidade e contido do traballo (50%)

- (a) Contido: metodoloxía, marco teórico, revisión de literatura (20%)
- (b) Estructura, coherencia interna, formato e claridade (15%)
- (c) Formato de cita estándar e respecto á propiedade intelectual (10%) O TFG debe ser orixinal e está prohibido o plaxio. Deberase citar debidamente, e ter respecto á propiedade intelectual doutros/as autores/as. O Tribunal poderá empregar medios para verificalo, tales como un programa antiplaxio. No caso de cometer falta de orixinalidade e/ou plaxio, o Tribunal poderá asigna-la nota de 0 (suspenso), e terá o deber de comunicalo ós órganos competentes para que, se é o caso, adopten as medidas sancionadoras que consideren necesarias.
- (d) O TFG debe ser respectuoso cos dereitos establecidos na Constitución española vixente, e é preciso facer un uso inclusivo da lingua (perspectiva de xénero e respecto á diversidade sexual) (5%)

(2) Calidade da defensa pública (20%)

- (a) Referencia aos aspectos centrais do traballo (10%)
- (b) Uso correcto dos medios empregados (audiovisuais, etc.) (5%)
- (c) Claridade e estrutura da presentación (5%)

(3) Calidade das respostas na rolda de preguntas (20%)

- (a) Aclaración satisfactoria das dúbidas presentadas (10%)
- (b) Capacidade de debate, razoamento crítico e defensa (10%)

(4) Xestión do tempo (10%)

- (a) Respéctase o tempo asignado para a defensa (5%)
- (b) Non se emprega un tempo excesivo na réplica ao tribunal (5%)

(* O alumnado que comparte traballo: terá liberdade para organizar a súa presentación conxunta durante un máximo de 20 minutos. Agás situacións excepcionais, a valoración de "Calidade e contido do traballo" (50%); "Referencia aos aspectos centrais do traballo" (10%); e respéctase o tempo asignado para a defensa (5%); será a mesma para ambos. Trala presentación, cada membro do tribunal dividirá os seus comentarios en dúas series dirixidas a ámbolos dous alumnado/as, respectivamente, e de forma que cada alumno/a contestará unicamente na serie que lle corresponda, sen posibilidade de intervir na outra. As notas publicaranse tan pronto o Tribunal Avaliador firme as actas, no correspondente taboleiro oficial da Facultade.

Período de revisión de cualificación do TFG: 3 días hábiles desde a publicación da cualificación. Dita solicitude deberá indica-los aspectos concretos do TFG que fundamentan a discrepancia coa cualificación. Os criterios establecidos nesta guía, son os mesmos para o alumnado da modalidade presencial e virtual.